

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A Concelleira Delegada de Contratación mediante decreto do 4 de xuño de 2022, resolveu o seguinte

ANTECEDENTES

En data 2 de xuño de 2022 a Mesa de Contratación acordou, á vista das actuacións practicadas e dos acordos adoptados, entre outros asuntos (punto 10d da orde do día), formular proposta de clasificación no procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica de soporte dos espectáculos e actividades do programa "Vigo en Festas" (9.176-335).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Da clasificación dos licitadores

A Mesa de contratación clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas para, posteriormente, elevar a correspondente proposta ao órgano de contratación, atendendo aos criterios de adxudicación sinalados no prego (artigo 150 LCSP e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares).

-II-

Competencia para resolver

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

Por resolución da Alcaldía do 18 de xuño de 2019 e acordos da Xunta de Goberno local de data 20 de xuño e 5 de setembro de 2019 correspóndelle á concelleira delegada de Contratación a aprobación das propostas de clasificación dos licitadores formuladas polo órgano correspondente.

-III-

Proposta de resolución

Á vista do exposto, propónse á concelleira delegada de Contratación a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón dos seguintes acordos adoptados pola Mesa de Contratación:



Copia do documento - Concello de Vigo
9176-335

Data impresión: 03/06/2022 14:45

Páxina 1 de 4

CSV: A8A3A7-87A4BE-51D7D8-U2GD8J-53EH18-F1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- Sesión do 25 de maio de 2022:

- Non admisión de GESTIÓN Y SERVICIOS PARA ESPECTÁCULOS Y EVENTOS, S.L. (lote 5) por ter presentado a proposición non encriptada e coñecerse o seu contido antes do acto de apertura (artigo 139 da LCSP e cláusula 13.4i.1 do PCAP).

- Sesión do 2 de xuño de 2022:

- Exclusión de SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. dos lotes 2 e 3 por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP.
- Exclusión de INDUSTRIAS ORQUESTALES, S.L. (lotes 1 e 3) e SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. (lote 1) por exceder as súas ofertas dos prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP (motivo de exclusión recollido no apartado 7B ("As proposicións dos licitadores deberán ser, en todo caso, iguais ou inferiores aos prezos unitarios recollidos no apartado 3G desta FEC. En caso contrario, serán excluídas").

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica de soporte dos espectáculos e actividades do programa "Vigo en Festas" (9.176-335) (lotes 1, 2, 3, 4 e 5) na seguinte orde descendente:

- Lote 2: Producción técnica de soporte de grandes espectáculos en diferentes localizacións

	Licitador	Puntuación total
1	INDUSTRIAS ORQUESTALES, S.L.	88,00 puntos

- Lote 4: Servizo de ambulancias

	Licitador	Puntuación total
1	AMBULANCIAS RÍAS BAIXAS, S.L.	100,00 puntos
2	COLECTIVO EXTREMEÑO DE AMBULANCIAS, S.L.	70,25 puntos

- Lote 5: Organización do sistema de entradas

	Licitador	Puntuación total
1	PREMIUMGUEST, S.L.	100,00 puntos
2	TEUTICKET 2021, S.L	66,80 puntos

Terceiro.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes, INDUSTRIAS ORQUESTALES, S.L. (lote 2) (B-81.034.522), AMBULANCIAS RÍAS BAIXAS, S.L. (lote 4) (B-36.794.113) e PREMIUMGUEST, S.L. (lote 5) (B-67.131.839), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/06/2022 14:45	Páxina 2 de 4
9176-335	CSV: A8A3A7-87A4BE-51D7D8-U2GD8J-53EH18-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

O prazo para presentar a devandita documentación remata o día **17 de xuño de 2022.**

Advirtéselle de que, conforme ao previsto no artigo 150.2 da LCSP, de non presentarse a documentación requirida en prazo, entenderase que retira a súa oferta, o que dará lugar a esixirle ao licitador o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación IVE excluído en concepto de penalidade así como a imposición dunha prohibición de contratar, pola causa prevista no artigo 71.2.a do LCSP “retirar indebidamente a súa proposición ou candidatura nun procedemento de adxudicación, ou haber imposibilitado a adxudicación do contrato ao seu favor por non cumprimentar o establecido no apartado 2 do artigo 150 dentro do prazo sinalado mediando dolo, culpa ou negligencia”.

A certificación de non ter débedas de carácter tributario co concello de Vigo se obterá de oficio por esta administración.

O importe da garantía definitiva é de 5.929,91 euros para o lote 1, 2.463,30 euros para o lote 2 e para é de 1.392,30 euros para o lote 3.

O licitador clasificado en primeiro lugar deberá presentar copia do aval ou do seguro de caución xunto coa documentación requerida no suposto de que canxee o documento orixinal na Caixa do Concello de Vigo.

Se optan pola constitución da garantía definitiva en metálico o importe da mesma, poderán ingresaralo na seguinte conta, titularidade do Concello de Vigo:

IBAN: ES48 2080 5000 6331 1007 0132

No concepto da transferencia a realizar, deberán indicar GARANTÍA DEFINITIVA e Nº EXPTE.

O enderezo web do Rexistro da sede electrónica do concello de Vigo onde poderán presentar a documentación solicitada é:

versión galego:

<https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>

versión castellano:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/06/2022 14:45	Páxina 3 de 4
9176-335	CSV: A8A3A7-87A4BE-51D7D8-U2GD8J-53EH18-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

<https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=cas>

Na documentación presentada a través do rexistro electrónico, os documentos que a acompañen terán que ser asinados mediante sinatura dixital.

Se publica anuncio no Perfil de Contratante do concello de Vigo para os efectos sinalados na cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares ("As notificacións practicaranse por medios electrónicos o mesmo día da publicación do seu contido no perfil de contratante. Cando nelas se sinala algún prazo para a práctica dalgunha actuación polo destinatario, este computarase desde a data de publicación no perfil de contratante"), ao abeiro do previsto na disposición adicional 15ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público.

Jmv/

A Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación (por delegación-resolución 15.09.2021).- Ángela Fernández López



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/06/2022 14:45	Páxina 4 de 4
9176-335	CSV: A8A3A7-87A4BE-51D7D8-U2GD8J-53EH18-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		